

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Le o texto seguinte e subliña os adxectivos.

UN GATO NEGRO NEGRO

Aquela noite, na corte, tocáballe a Morris contar unha historia. A este gato atigrado, de vella ascendencia siamesa, gustáballe sorprenden aos asistentes con algún conto de misterio. Despois de bocexar delongamente, esticou as poutas dianteiras e exhibiu unhas unllas afiadas e puídas. A seguir, sentou enriba das poutas traseiras e dixo:

-Vouvos contar unha historia dunha humana, unha bruxa parviola e chafalleira que, como todas as bruxas que se prezan, tiña un gato negro negro...

María C. ROCA

¡Que animalada!

Tambre

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

2. Analiza os adxectivos da actividade anterior.

3. En que grao están as seguintes oracións?

- O coche de Xián é máis grande co de Manuel.

- Ese xersei está limpísimo.

- As paredes da miña casa están núas.

- Mariña é menos delgada ca Xavier.

- Tes un cadro tan bonito coma o meu.

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

4. Das seguintes palabras, indica as que teñan ditongo.

Aceiro

Manía

Regresei

Saúde

Madeira

Acordeón

Meu

Oito

Decidiu

Seu

Pensou


Lixeira

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Expresión escrita

5. Le os seguintes textos e contesta.



• Cal elixirías ti para mandar unha SMS?

• Que significan as siglas SMS? En que lingua están?

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Técnicas de estudo

6. Escolle un texto e intenta buscar as ideas principais e secundarias. Lembra ler o texto varias veces e subliñar dunha cor a idea principal e doutra as secundarias.